



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

## **BORRADOR ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA** **24/04/2008**

### **ASISTENTES:**

D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, Alcalde-Presidente, grupo PSOE  
D. Ildfonso José Piñeiro Díaz, Tenente de Alcalde, grupo BNG  
D<sup>a</sup> Araceli Río Bimbiela, grupo PSOE  
D. Roberto Iglesias Delgado, grupo PSOE  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Amadora Gómez Álvarez, grupo PSOE  
D. Xesús Mazaira Varela, grupo BNG  
D<sup>a</sup>. Olga Otero Gómez, grupo BNG  
D. Manuel Lorenzo Varela Rodríguez, grupo PP  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Susana López Abella, grupo PP  
D. José Castor Novoa Fernández, grupo PP  
D. Manuel Diéguez Carballo, grupo PP  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Cándida Carneiro Blanco, grupo PP  
D. José Luís Janeiro Rodríguez, grupo PP

### **SECRETARIO:**

D. Rafael del Barrio Berbel.

### **INTERVENTORA:**

D<sup>a</sup> Mónica Legaspi Díaz

No salón de sesións da Casa da Cultura do Concello de Chantada, sendo ás vinte horas do día vintecaturo de abril de dous mil oito, reuníronse, previa convocatoria en legal forma practicada, os señores concelleiros e concelleiras que se relacionan arriba e que constitúen a maioría absoluta dos que compoñen o Pleno da Corporación, baixo a presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, e asistidos por min, o secretario, co obxecto de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse a,

### **ORDE DO DÍA:**

#### **1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA ANTERIOR DE DATA 27/03/2008 E DA ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URGENTE DE DATA 14/04/2008.**

Polo Sr. Alcalde dase a coñecer as actas pendentes de aprobación correspondentes as sesións ordinaria de data 27/03/2008 e extraordinaria urxente de 14/04/2008.

O Sr. Varela Rodríguez, voceiro do grupo PP, en relación coa acta da sesión ordinaria día 27/03/2008 matiza que no debate da moción do grupo PP para investir nos centros escolares

parte do diñeiro que se libera do cumprimento do pacto local en Galicia, o seu grupo se refería a que aparte do que xa se viña facendo nos centros escolares (reparacións, xardinería), se contemplasen 3.000 euros por cada centro para actividades extraescolares, o que non se reflectiu ben no acta.



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Sometidas a votación son aprobadas por unanimidade.

## **2.- DICTAME COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA, FACENDA, RÉXIME INTERIOR DE DATA 21/04/2008.**

APROBACIÓN DAS BASES QUE REXERAN O CONVENIO EXTRAJUDICIAL ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE CHANTADA PARA SALDAR A DÉBEDA DO CANÓN ELÉCTRICO.

Con data 16 de setembro de 1992 o Concello de Chantada presenta recurso contencioso administrativo número 4366, sobre a distribución do canon de enerxía eléctrica dos exercicios 1981 ao 1985, despois da desestimación por silencio da reclamación administrativa. Como consecuencia diso, e dos correspondentes trámites procesuais, dítase Sentenza pola Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia número 867/94, pola que se estima o recurso, condenando á Deputación Provincial a distribuír entre os municipios afectados a cantidade de 1.354.936.600 pesetas máis os intereses legais.

Polo Concello de Chantada solicítase a execución da Sentenza, resolvendo a Sala tal incidente por Auto do 12 de xullo de 1999, recorrido e confirmado polo Tribunal Supremo por Sentenza de 5 de novembro de 2003, os que fixan a indemnización en 1.354.936.600 pesetas de principal e 562.020.278 pesetas de intereses ata o 6 de marzo de 1997. O Auto completase con outro do 27 de decembro de 1999, da Sala do Contenciosos Administrativo.

Visto o Auto do 16 de marzo de 2007 (Sección 2ª. Pte: Cibeira Yebra Pimentel), polo cal se fixan as cantidades a invertir no municipio de Chantada por parte desta Excm. Deputación Provincial, requirindo así mesmo a esta Entidade para que proceda á materialización en obras a executar no municipio de Chantada da inversión das cantidades fixadas.

Por todo isto, esta Presidencia propón ao Pleno da Corporación a aprobación das Bases que rexerán o Convenio extrajudicial entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Chantada para saldar a débeda do Canon Eléctrico, dando por finalizada a controversia entre as dúas Administracións. As citadas Bases son do seguinte tenor literal:

**Primeira.-** A Deputación Provincial de Lugo recoñece a débeda co Concello de Chantada polo seguinte importe:

Capital: 3.049.438,18 euros

Intereses: 2.997.953,78 euros

.....  
**6.047.953,78 euros**

Intereses de 501,29 euros diarios dende 01-05-2006 ata o 31-12-2007 (610 días)

Intereses total: 305.786,90 euros.

**TOTAL: 6.353.178,86 euros.**

En execución do Auto da Sala do Contencioso Administrativo (Sección 2ª) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en concepto de imposto do canon (Lei 7/1981).

**Segunda.-** O Concello de Chantada recoñece a débeda total a trinta e un de decembro de 2007, polo concepto de "Recarga Provincial IAE" por importe de 1.403.770,65 euros.



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

**Terceira.-** A débeda da Deputación Provincial de Lugo co Concello de Chantada ascende á cantidade de seis millóns trescentos cincuenta e tres mil cento setenta e oito euros con oitenta e seis céntimos (6.353.178,86 €). E a débeda do Concello de Chantada coa Deputación Provincial ascende a un millón catrocentos tres mil setecentos setenta e nove euros con sesenta e cinco céntimos (1.403.779,65 €)

Realizada a oportuna compensación resulta un saldo a favor do Concello de Chantada de catro millóns novecentos corenta e nove mil catrocentos oito euros con vinte e un céntimos (4.949.408,21 €), cantidade que a Deputación Provincial se compromete a consignar nos seus Orzamentos dos anos 2008, 2009, e 2010, a razón de 1/3 cada exercicio.

De conformidade co disposto no Auto de referencia e por suposto coa Lei 7/1981 as cantidades referidas son para “invertir”. Polo tanto non se transferirá cantidade ningunha de diñeiro para o Concello de Chantada, calquera que fose a denominación da forma.

Os investimentos faranse forzosamente de conformidade do apartado seguinte.

**Cuarta.-** A Deputación Provincial de Lugo, con base nesas consignacións comprométese a financiar os proxectos correspondentes; para tal efecto aprobará, todos eses anos, unha vez aprobado o Orzamento, un Plan para a execución deste convenio. O Plan e polo tanto as obras a incluír seránda exclusiva competencia da Deputación Provincial.

**Quinta.-** Unha vez aprobado o Plan a Deputación Provincial, a través dos seus órganos competentes, executará o mesmo, mediante a elaboración de proxectos técnicos (ben por medios propios ou contratando a consultoría e asistencia), a súa contratación e facendo entrega ao Concello das obras unha vez recibidas as mesmas.

**Sexta.-** A Deputación Provincial de Lugo comprométese a retirar o recurso actualmente interposto contra o Auto referenciado.

**Sétima.-** O Concello de Chantada comprométese a retirar as reclamacións e recursos interpostos relacionados con este asunto. Renunciando a cantas accións e dereitos lle poidan competir contra a Deputación Provincial polo concepto do canon.

**Oitava.-** O Concello de Chantada renuncia a percibir calquera outra cantidade e por conceptos non expresamente considerados no presente convenio, tanto por vía extraxudicial como xudicial; salvo aquelas que por precepto legal puidesen corresponderlle inexcusamente de conformidade coa lexislación vixente”.

Aberto o debate pola presidencia, o Sr. Varela Rodríguez solicita saber a que acordo chegaron os dous grupos de goberno, xa que o convenio supón unha medida arbitraria da Deputación que xa rexeitaron no pleno anterior. O concelleiro argumenta que nos plenos dicíase que tanto os intereses como o capital para destinarse a obras debían decidirse polo Concello de Chantada, e desta forma a Deputación vai facer os investimentos que considere oportunos. Sinala tamén que no Pleno da Deputación o presidente da Deputación comprometeuse a recibir a listaxe de obras de Chantada, o que non se ve plasmado neste convenio, polo que logo de tanto tempo e dos pronunciamentos xudiciais a Deputación debería de cumprir co Concello de Chantada de forma mais digna.

O Sr. Iglesias Delgado, voceiro do grupo PSOE, afirma que para o equipo de goberno o acordo é válido hoxe como fai quince días, e que deberían de estar de acordo tódolos grupos como no



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

pleno da Deputación. Afirmar que é unha cuestión de confianza política e que hai un compromiso de consensuar as obras, pero que esa fase aínda non chegou, e no seu momento consensuarase con tódolos grupos políticos. Sinala tamén que a situación económica do concello cos pesupostos prorrogados é delicada, e que esperan que se sumen ao convenio.

O Sr. Tenente de Alcalde, sinala que o BNG vai apoiar o convenio, xa que teñen garantías de que se vai a executar de acordo coas obras que se digan dende Chantada. Afirmar que se pode facer moito por Chantada se se utiliza ben en progreso e futuro (emprego, actividades e benestar) e non se suplén obrigacións doutras Administracións públicas. O Sr. Piñeiro concreta que teñen un acordo co PSOE de Chantada para investir en servizos na ribeira, a creación de chan industrial propio, e infraestruturas enerxéticas no marco dun plan trienal 2007-2010 a executar de forma compartida cos grupos PSOE e BNG na Deputación, que os farán seus unha vez se remítan dende Chantada, e que se se comparte tamén coa oposición mellor. O Tenente de Alcalde conclúe afirmando que se atenderon as demandas veciñais a través de asembleas cos veciños e que van votar a favor do convenio.

O Sr. Varela afirma que segundo o convenio que se vai a asinar é a Deputación a que vai decidir e facer os proxectos e as obras, e se chegaron a un acordo non se reflicte no que se vai a aprobar. Sinala que o que predicaban fai meses é distinto ao que se vai a aceptar agora, xa que o acordo que se tomou era que a comisión de Chantada definiría as obras que se ían a facer en Chantada.

O Sr. Alcalde pide ao Sr. Varela que aclare a contradición e explique aos veciños porqué no pleno da Deputación votou a favor do convenio e agora aquí non o apoia. O Sr. Alcalde móstrase favorable ao convenio sinalando que por fin resólvese o tema do canon e que van vir os investimentos que nos dá a xustiza segundo as instrucións dos grupos políticos e en especial do equipo de goberno de Chantada, polo que se non se apoia polo grupo da oposición deberán explicar esa contradición aos veciños.

O Sr. Varela di que na Deputación o grupo PP presentou un engadido que foi rexeitado polos dous grupos de goberno da Deputación, que o Presidente da Deputación comprometeuse a que os investimentos ían ser propostos pola corporación de Chantada, e que iso non aparece no texto do convenio, polo que van a votar en contra e farían o mesmo se gobernase o PP na Deputación. O concelleiro conclúe afirmando que xa explicarán aos veciños que é un convenio solapado, que os proxectos de obras poden estar inflados, e que as baixas económicas das obras van ser para eles e non para Chantada, o que debería de clarificarse no convenio.

O Sr. Iglesias sinala que están dando por feito que a Deputación vai facer as obras, e que non están tendo en conta que o Alcalde vai convocar próximamente a mesa para negociar as obras que se van a propoñer á Deputación, polo que non hai que autoexcluirse e esperar a ver se a Deputación cumpre ou non.

O Sr. Piñeiro insiste en que o acordo é coñecido e compartido polos grupos de goberno da Deputación, e farano seu unha vez se remíta como proposta do Concello de Chantada, polo que as obras vanse a decidir dende Chantada. Neste sentido conclúe recordando unha frase de Xosé Martí que dicía que o silencio ten que ser en ocasións para que algo importante poida chegar a realizarse.



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

O Sr. Varela reitera que se se comprometen a que as obras se van a decidir dende Chantada, por que non está recollido no convenio, afirmando que se non se inclúe ese punto van votar en contra do convenio.

O Sr. Alcalde conclúe sinalando que o equipo de goberno estivo pelexando para que as obras veñan a Chantada, o que non se fixo en 12 anos e gastouse diñeiro para non conseguir nada; e que agora que hai unha solución non queren apoiala.

Sometido a votación é aprobado por sete votos a favor correspondentes aos membros dos grupos PSOE e BNG, e seis votos en contra correspondentes aos membros do grupo PP.

### **3º.- DICTAME APROBACION DE ORDEANZA REGULADORA DEL CARTEL INFORMATIVO DE LICENZAS URBANISTICAS. Expte: 217/156/2008**

D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, alcalde-presidente do Concello de Chantada, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Resultando que por Resolución de Alcaldía de data 7/04/2008 iniciouse o correspondente expediente para a elaboración e aprobación dunha Ordeanza municipal reguladora do cartel informativo das licencias urbanísticas.

Visto o proxecto de Regulamento redactado polos servizos xurídicos municipais.

Visto o informe do Secretario municipal de data 14/04/2008.

Considerando o disposto nos artigos 4.1 a), 21.1, 22.2 d), 25.2, 47.1, 49,65.2 e 70.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Dictaminado favorablemente pola Comisión informativa de de economía, facenda, réxime interior de data 21/04/2008.

Aberto o debate pola Presidencia o Sr. Varela sinala que van votar a favor e que lles parece oportuno que se esixa a colocación dos carteis de obras.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, ACORDA:

**PRIMEIRO.** - Aprobar inicialmente a Ordenanza municipal reguladora do cartel informativo das licencias urbanísticas.

**SEGUNDO.**- Abrir un período de información pública durante un prazo de 30 días mediante a publicación de edictos no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos deste Concello, e dar audiencia aos interesados por un prazo de 30 días para que poidan presentarse reclamacións e suxestións. De non producirse alegacións, a Ordenanza considerarase definitivamente aprobada.”

### **4º. - MOCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS:**

#### **4.1. - PP. MOCIÓN SOBRE O DECRETO DAS NORMAS DO HABITAT GALEGO.**

*“O pasado día 17 de abril entraron en vigor as Normas do Hábitat Galego, aprobadas por Decreto da Xunta de Galicia o 17 de xaneiro. Todos os sectores implicados están manifestando a súa oposición e adiantando os efectos negativos da mesma. Co obxectivo de evitalos o Grupo Municipal Popular presenta esta iniciativa para o seu debate no Pleno deste Concello de Chantada.*



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

*As Normas do Hábitat Galego que ven de aprobar o Consello da Xunta, a proposta da Consellería de Vivenda e Solo, pretenden marcar as calidades mínimas coas que se deben construír as novas vivendas.*

*Estas normas substitúen o actual Decreto de Habitabilidade do ano 1992, e recollen todos os parámetros de cómo deben construírse as vivendas en Galicia, sexan protexidas ou de prezo libre.*

*Estando de acordo co obxectivo global da mellora das condicións das vivendas, en canto supoñan a mellora das condicións de vida dos cidadáns; sen embargo, o Decreto de habitabilidade aprobado pola Xunta de Galicia, na súa actual redacción, presenta moitos aspectos que, aplicados na práctica, suporán evidentes perxuizos para os veciños.*

*Por suposto, o PPdeG está a favor de todas aquelas medidas que supoñan un aumento da calidade da vivenda e do hábitat dos veciños, pero precisamente por iso, entende que este obxectivo se debe perseguir baseándose na obxectividade e no rigor e non mediante normas improvisadas que suscitan o rexeitamento xeral.*

*A Constitución Española garantiza a autonomía dos municipios para a xestión dos seus respectivos intereses. Sen embargo, as normas do Hábitat galego aprobadas, supoñen unha inxerencia e un ataque a autonomía local, toda vez que, según teñen manifestado xa moitos técnicos independentes, poderían chegar a colisionar mesmo cos Plans de Ordenación Municipal. Trátase, en consecuencia, dunha norma claramente intervencionista.*

*A día de hoxe, todos os sectores implicados manifestan a súa preocupación polos efectos negativos que se derivarían da súa inmediata entrada en vigor: invasión na autonomía municipal, encarecemento dos prezos das vivendas de ata un 30%, parálise dos planeamentos en redacción ( nomeadamente para os concellos que os estén a tramitar ), exceso de reglamentación, discrecionalidade da Consellería de Vivenda para eximir do cumprimento da norma, etc.*

*Boa mostra da preocupación xerada por este Decreto é a saturación que, desde a publicación do mesmo, están sufrindo os servizos urbanísticos dos concellos galegos, recibindo un “aluvión” de solicitudes de licenzas de construción antes da súa entrada en vigor.*

*Trátase dunhas Normas, que como advirte o Consello Consultivo de Galicia nos dous ditames emitidos invaden competencias que non son propias da Consellería de Vivenda e Solo, ademáis de que pola súa imprecisión e ambigüidade xerarían inseguridade xurídica.*

*Os informes elaborados polos axentes implicados son contrarios ao texto aprobado pola Xunta de Galicia, de aí a preocupación que neste Grupo Municipal recollemos de todos e cada un deles. A FEGAMP ven de recoñecer explícitamente que as normas en cuestión invaden as competencias da administración local.*

*Considerando, que estamos inmersos nunha crise económica profunda que repercute en todos os sectores produtivos, o CONCELLO DE CHANTADA veríase claramente perxudicado pola aplicación deste decreto. Os primeiros perxudicados serían os propios veciños que sufrirían un aumento do prezo das vivendas e que logo abarcaría ao conxunto da actividade económica coa conseguinte paralización dos sectores económicos esenciais.*

*Asimesmo, a aplicación do decreto afectaría negativamente na recaudación municipal e consecuentemente frearía a capacidade prestadora de servizos deste concello.*



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

*Por todo o anterior, o Pleno do Concello de Chantada insta a Xunta de Galicia a:*

- 1. Derogar o actual Decreto das Normas do Hábitat Galego co fin de elaborar outra norma que naza froito do consenso coas forzas políticas e sociais, as administracións locais, nomeadamente coa FEGAMP, e os sectores, empresariais e profesionais afectados, e que permita garantir unha mellor calidade de vida dos cidadáns e non dificulte o desenvolvemento urbano e urbanístico dos concellos galegos.*
- 2. Remitir este acordo ao Presidente de Xunta de Galicia, á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, á Fegamp e ao Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia”*

Defende a moción o Sr. Varela, afirmando que sería prudente pospor esta regulación sobre o habitat galego para o ano que vén, xa que a estas alturas e a un ano das eleccións autonómicas quizais non exista a Consellería de Vivenda na próxima lexislatura. O concelleiro apunta que hai aspectos nesa norma que lles parece ben, como a altura das vivendas ou o ancho das portas, pero que non están de acordo porque non se consensuou coa FEGAMP nin cos concellos con problemáticas urbanísticas, xa que nas zonas de interior mais despoboadas afecta de forma máis negativa que nas grandes cidades. Tamén apunta que a norma entra en contradición coa revisión da achaiadura de Chantada, e que agora terá que informar a achaiadura tamén a Consellería de Vivenda e Chan. Sinala tamén que habería que pensar no prezo dos pisos e no poder adquisitivo dos cidadáns, polo que non é o momento adecuado para levalo adiante, debendo aparcalo de momento e consensualo coa FEGAMP e os concellos para a próxima lexislatura.

O Sr. Piñeiro sinala que as normas do habitat galego proxéctanse para a satisfacción e expectativas dos cidadáns e co obxectivo de mellorar a calidade de vida dos galegos, xa que a vivenda supón o maior esforzo económico dos cidadáns polo que hai que esixir unhas calidades mínimas nas vivendas (amplitude, habitacións exteriores, iluminación natural, accesibles, integradas no territorio). O Tenente de Alcalde explica que a norma sitúa ao noso país na vangarda da calidade das vivendas do estado, que goza do respaldo das organizacións sociais, e que non supón unha inxerencia municipal, xa que é respectuosa cos concellos ao manter as competencias municipais mediante a excepcionalidade municipal (anexo de habitabilidade) e mediante a integración dos concellos a través da FEGAMP no comité asesor de habitabilidade. Sobre a incidencia nas achaiaduras, apunta que non esixe unha adaptación ou modificación das achaiaduras, xa que só esixe aos proxectos de obras cumprir o anexo II. En canto ao intervencionismo e ao prezo das vivendas, distingue entre os custos das vivendas e os prezos de venda, e afirma que a norma non é intervencionista e que non incrementará o prezo das vivendas en Galicia.

O Sr. Iglesias sinala que é unha norma técnica que hai que explicar ben xa que hai cuestións de matices de importancia como as seguintes:

-Dos catro principais sectores implicados (concellos, técnicos, promotores e consumidores) só se están recibindo queixas dos concellos e dos promotores, pero ningunha de consumidores finais que son os beneficiarios.

-En canto á achaiadura, o PGOU de Chantada non vai levar nin un día adaptalo, e ao casco histórico aplícaselle a excepcionalidade municipal, así como ao medio rural, aos que non vai afectar.

-O encarecemento da vivenda non é certo, xa que o aproveitamento total do edificio vai ser o mesmo, e só repercútese un pequeno gasto en materiais que a medio prazo se vai a notar no aforro en consumos.



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Para rematar sinala que se pode construír ben e barato como se fixo nas últimas vivendas de protección oficial, que saíron cun prezo de venda de 60.000 euros (sen subvención) con praza de garaxe, e cumpren practicamente todos os requisitos da norma, gañando o promotor, os técnicos e os consumidores finais.

O Sr. Varela sinala que se eses edificios están ben feitos que a Consellería poña diñeiro e se faga así mais vivendas, pero non é un problema dos promotores ou da escaseza de chan, e hai que dar mais liberdade á iniciativa privada e mais creatividade aos arquitectos. Apunta que se vai encarecer a vivenda entre un 25 e un 30 por cento, e que vai afectar ás achaiaduras urbanísticas, cualificando á norma de obsoleta, ambigua e intervencionista, que choca coa autonomía municipal, e que vai dificultar a conservación das edificacións polas comunidades de propietarios, creando inseguridade xurídica e pondo aos concellos con escasos medios como controladores do cumprimento da norma.

O Sr. Iglesias afirma que a Consellería dota presupuestariamente cun millón de euros aos concellos que non teñen capacidade para iso, e que en Chantada hai unhas 125 licenzas de obras ao ano, polo que tampouco supón unha inspección tan complicada.

O Sr. Piñeiro explica as distintas melloras da norma como o aumento das superficies mínimas das vivendas, das superficies de todas as estancias, da calidade dos patios interiores, dos corredores e dos ascensores, etc..., e que a norma realizouse co consenso de colexios de arquitectos, escola de arquitectos, técnicos de administración e especialistas en rehabilitación, e que foi aprobado polo Consello da Xunta, concluíndo que non van apoiar a moción.

O Sr. Varela insiste en que non se consensuou coa FEGAMP e que se vai a presentar pola comisión executiva un recurso contencioso contra esta norma.

Sometida a moción a votación é denegada por seis votos a favor correspondentes aos membros do grupo PP, e sete votos en contra dos grupos PSOE E BNG.

## **4.2.- PP. MOCION CONTRA A LEI INTEGRAL EN MATERIA DE DROGODEPENDENCIAS E OUTROS TRASTORNOS ADITIVOS.**

*“O pasado 14 de marzo de 2008 a Consellería de Sanidade publicou o anteproxecto da “LEI INTEGRAL EN MATERIA DE DROGODEPENDENCIAS E OUTROS TRASTORNOS ADITIVOS”.*

*Na exposición de motivos establécese como obxectivo da mesma a regulación das medidas orientadas as drogodependencias así como as orientadas a outros trastornos aditivos.*

*Establecendo asimesmo limitacións da publicidade e promoción do viño quedando prohibido o uso de declaracións de propiedades saudables, e incluso tamén, por exemplo, a visita dun menor de 18 anos a unha adega.*

*A “Ley 24/2003, de 10 de xullo, de la Viña y del Vino”, ten como obxecto, entre outros, a promoción e publicidade do viño, establecendo no seu artigo 4.- “Promoción.b) informar e difundir los beneficios del vino como alimento dentro de la dieta mediterránea”.*

*A Lei do Viño de 2003 considera oficialmente ó viño como un alimento. O viño é un alimento natural moi complexo, ó que algúns chegaron a considerar un alimento funcional, porque non*



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

*só aporta nutrientes xa que tamén ten compoñentes ós que se lles ten demostrado un efecto beneficioso para a saúde, ó prever, disminuir ou retrasar determinados procesos patolóxicos.*

*O consumo moderado do viño e o seu efecto beneficioso na saúde é unha frase posiblemente moi repetida, pero que está avalada polo múltiples estudos realizados polos máis prestixiosos médicos e expertos nutricionistas internacionais.*

*Nos últimos anos, numerosos organismos, como por exemplo FIVIN (“Fundación para la Investigación del Vino y Nutrición”), orientan as súas actividades a valorar os posibles efectos protectores do consumo moderado do viño no noso organismo e sobre a saúde humana dende o punto de vista médico.*

*Por elo, realizan un traballo continuo de investigación e recopilación sobre viño e saúde, baixo a supervisión dun comité científico formado por médicos, técnicos en saúde e nutrición de recoñecido prestixio nacional e internacional.*

*O sector vitivinícola na Ribeira Sacra ten unha gran importancia socioeconómica polo que a integración do viño na “LEI INTEGRAL EN MATERIA DE DROGODEPENDENCIAS E OUTROS TRANSTORNOS ADITIVOS” producirá un efecto moi perxudicial ó quedar englobado xunto con estupefacientes e psicotropos.*

*É evidente que é necesario regular a publicidade do viño e evitar o seu consumo por menores de 18 anos, pero esta debería levarse a cabo nunha lei específica do sector vitivinícola tal e como se fai noutros países europeos.*

*Por todas estas razóns, propónse a adopción dos seguintes ACORDOS:*

*1º.- Amosar o rexeitamento do Concello de Chantada, como representante de tódolos seus veciños e veciñas, ó anteproxecto da “LEI INTEGRAL EN MATERIA DE DROGODEPENDENCIAS E OUTROS TRANSTORNOS ADITIVOS”.*

*2º.- Instar á Consellería de Sanidade para que retire toda referencia ó viño na citada Lei.”*

Defende a moción a Sra. López Abella, sinalando que o anteproxecto de lei de drogodependencias do bipartito supón unha regresión inasumible no tratamento legal do viño, que é definido como un alimento pola lei estatal de 2003 do viño, e nun sentido similar a lei autonómica de 2005 de promoción e defensa da calidade alimentaria galega. Sinala que o grupo popular a nivel autonómico instou á Xunta a excluír do ámbito de aplicación do anteproxecto da lei de drogodependencias o viño e outras bebidas fermentadas consideradas como alimento pola normativa vixente; e que desde o partido popular vaise a presentar unha proposición de lei (ou que presente o goberno un proxecto de lei) para concienciar sobre o consumo moderado do viño e outras bebidas fermentadas consideradas como alimento pola normativa vixente. Sinala tamén que como representantes do concello de Chantada consideramos necesario que se rexeite o anteproxecto de lei e se ínte á Consellería de Sanidade para que retire toda referencia ao viño na citada lei. A concelleira refírese á extraordinaria cultura do viño que existe en Chantada, que se acaba de celebrar a XVI feira do viño, que temos unha importante fábrica de sidra, e que para os intereses do conxunto do concello e de Galicia necesitamos o apoio a esta moción. En relación coa proposta conxunta que vai expor o equipo de goberno, dí que sería interesante engadir a esta moción os puntos 1,2 e 3 de devandita proposta, pero referíndose a Chantada no punto 1, xa que estes tres puntos non invalidan os dous puntos da moción sinalados.



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

A Sra. Rio Bimbiela afirma que non poden apoiar a moción posto que non van instar á Consellería para que retiren da lei a referencia ao viño, procedendo á lectura da proposta do seguinte tenor literal:

*“Partimos do feito de que o sector vitivinícola de calidade ten en Galiza unha grande transcendencia socio-económica que favorece o desenvolvemento do rural, xa que máis de sesenta mil persoas teñen relación directa con este sector, xerando beneficios económicos para dezaoto mil delas na produción, transformación e na comercialización, e unha facturación que rolda os cento cincuenta millóns de euros. É importante destacar xa que logo que o viño como bebida alcohólica fermentada, trátase dun produto asociado á cultura galega, sostén económico de amplas zonas rurais de Galiza, e que nos últimos anos véñense desenvolvendo actuacións orientadas á consecución de viños de calidade e consumos contendidos. As súas pautas de consumo asóciase ao consumo de alimentos e non buscando o seu contido alcohólico.*

*Consideramos ademais que o viñado configura parte da nosa paisaxe e esta perfectamente integrado no medio natural, cunha importancia capital no mantemento do medio ambiente, e en especial na protección dos solos fronte aos procesos erosivos.*

*Acreditamos que o legado artístico e cultural vinculado ao viño reflíctese en multitude de manifestacións de diversa índole nas comarcas produtoras, constituíndo para Galiza nunha ampla tradición histórica e cultural.*

*Por todo o antedito, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte ACORDO:*

*Dirixirse á Xunta de Galiza para que, na posíbel elaboración de calquera normativa que puidese concernir directamente ao sector vitivinícola, se teñan en conta as seguintes consideracións:*

*1º A importancia socioeconómica que ten o sector do viño en Galiza e que polo tanto non se impulsen decisións que lle podan afectar negativamente, nin que diminúan a súa capacidade produtiva e o seu potencial para producir emprego e riqueza en amplas zonas do rural galego.*

*2º Que no plano das definicións, regulacións, e restricións, referidas a bebidas alcohólicas, e o seu consumo por adultos/as, se manteña a legalidade vixente.*

*3º Que a regulación neste ámbito teña como obxectivos fundamentais protexer ó menor fronte o alcohol e evitar a asociación alcohol/condución así como a diminución do consumo abusivo de bebidas alcohólicas destiladas.”*

A concelleira matiza que a lei aprobouna o partido popular no ano 2003, mesturando no mesmo saco todo tipo de bebidas alcohólicas, sen facer referencia a que o viño era unha bebida alcohólica de fermentación como a cervexa ou a sidra. Conclúe recoñecendo a importancia do sector do viño pero sinalando que non se debe de esquecer que o viño é unha droga e produce dependencia que pode afectar á xente mais nova (con intoxicacións etílicas, ata en menores de 12 anos) polo que ten que ser regulado.

A Sra. López Abella coincide coa Sra. Bimbiela na existencia do problema da drogodependencia, pero sinala que non hai que mesturalo coa produción e riqueza do viño, reiterando os motivos da moción e concluindo que é necesario amosar o rexeitamento do concello de Chantada, xa que estamos dentro da denominación de orixe Ribeira Sacra e temos unha das fábricas mais importante de produción de sidra a nivel de Galicia e estatal, polo que debemos votar a favor desta moción e engadir os tres puntos que vostedes propoñen aquí.

A Sra. Bimbiela sinala que ninguén pode negar que o viño é unha droga, un tipo de alcohol fermentado, polo que non debemos deixar desprotexido a un sector da nosa sociedade para



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

protexer a outro, que o sector vitivinícola ten que estar regulado sobre unha base mais sólida, e que un consumo responsable non o vai a prohibir esta lei, polo que un consumo moderado e responsable vai favorecer ao sector vitivinícola, polo que seguimos coa nosa proposta.

O Sr. Piñeiro argumenta que por unha regulamentación que regule as drogodependencias non se vai a facer dano ao sector do viño, e vaise a seguir producindo viño e sidra e a xente vai seguir tomando cervexa, pero hai que coñecer os efectos beneficiosos e os efectos nocivos de todas as bebidas, como a cantidade de alcohólicos e de intoxicacións etílicas que se producen, polo que é necesaria esta regulación.

A Sra. López Abella lamenta que a Xunta de Galicia este mesturando a cultura e a riqueza do viño cun problema de adicción, que non é comparable, e que supón unha nova estocada para o campo galego, como a do sector gandeiro, polo que habería que ter en conta ao sector do viño e votar a favor desta emenda coa adición dos tres puntos da proposta do equipo de goberno.

Os señores concelleiros debaten a posibilidade de engadir os puntos 1, 2 e 3 da proposta do equipo do goberno á moción do grupo PP, ou de introducir emendas na moción do grupo PP. Os membros do grupo PP consideran que introducir esas emendas supón substituír a súa moción legalmente presentada, propondo engadir eses puntos á moción ou votala tal e como está.

Sometida a moción a votación é denegada por seis votos a favor correspondentes aos membros do grupo PP, e sete votos en contra dos grupos PSOE E BNG.

## 5º. - ROGOS E PREGUNTAS.

### Rogos:

1. Sr. Varela: Que se apoie desde Chantada a manifestación do día 30 en Santiago dos tres sindicatos galegos gandeiros, e con respecto ao goberno central e a Xunta de Galicia téñase en conta que é un sector predominante na comarca de Chantada e que se apoie a estas centrais sindicais.

2. Sr. Varela: Nesta lexislatura estanse alterando con asiduidade os horarios das comisións informativas, que se dixo que tiñan que ser os xoves ás cinco da tarde, e están convocándose noutros días, o que está prexudicando a algúns concelleiros, polo que debería cumprirse co acordado ou cambiar o horario de modo que sexa bo para todo.

### Preguntas:

1.- Sr. Varela: En relación co programa "Leader", vai lideralo Chantada como cabeceira comarcal.

-Alcalde: Chantada vai dar todo o apoio necesario ao plan "Leader", ata con locais para a sede. Haberá unha xestora e unha xunta directiva que están en proceso de constitución, que decidirán o que se vai a facer.

- Sr. Varela: Vanse a facer xestións con outros alcaldes e asociacións para que Chantada sexa a sede do desenvolvemento do programa "Leader" de aquí ao ano 2013.

-Alcalde: Si.

- Sr. Mazaira: Chantada liderará ese proceso a condición de que o sector cooperativista e o sector asociativo sexa capaz de liderar unha comarca. A Consellería de Medio rural pretende que non pase o que pasou en proxectos anteriores, e optou por que sexa o sector asociativo e



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

o sector privado os que impulsen o proceso, e entón Chantada liderarao e dará facilidades para que esté aquí a sede e non se den os problemas que houbo en anos anteriores.

E sendo, as vintedous horas, e tendo cumprido ou obxecto da convocatoria, levantouse a sesión, de todo o cal, como secretario, dou fé e certifico.

Chantada, 25 de abril de 2008.

O ALCALDE

O SECRETARIO

Manuel Anxo Taboada Rodríguez

Rafael del Barrio Berbel